

2.—Esta resolución surtirá efectos a partir do día seguinte da mesma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP.

3.—Dar traslado da presente resolución ó interesado así como á oficina do BOP para a súa máis pronta publicación.

Vigo, 27 de maio de 2010.—Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente da XMU.—David Prada Puentes, P.D. O Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local”.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 44.2 do R.D. 2586/1986 do 28 de novembro aprobatorio do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Vigo, 28 de maio de 2010.—O Delegado Director da Área de Urbanismo e Vivenda, José Manuel Mariño Méndoza. **2010006127**

\* \* \*

## BAIONA

### A N U N C I O

Notifícase a dona Naira Comesaña González, con DNI número 53178221-J, da cal o último enderezo coñecido é c/ Marqués de Quintanar 9-3º E-Baiona, e que estase a tramitar nas dependencias municipais a baixa de oficio do Padrón Municipal de Habitantes por non residir xa neste Concello.

O que se lle notifica mediante a súa publicación no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro deste Excmo. Concello, ó abeiro do disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, significándolle ó interesado que dispón de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estime pertinentes, en caso contrario procederase a súa baixa de oficio no padrón deste municipio.

Baiona, 27 de maio de 2010.—O Alcalde, Jesús Vázquez Mendiña. **2010006165**

\* \* \*

## CALDAS DE REIS

### A N U N C I O

*Aprobación definitiva da modificación do regulamento da Biblioteca Municipal de Caldas de Reis.*

Por non presentarse reclamacións nin suxerencias fronte acordo do Concello Pleno de data 26 de febreiro de 2010, relativo a aprobación da Modificación do Regulamento da Biblioteca Municipal,

queda elevado a definitivo e publícase o seu texto íntegro, quedando do seguinte xeito:

### “Modificación do Regulamento da Biblioteca Municipal

*Artigo 40.—A conservación deste material será a seguinte:*

a) Boletín oficial da provincia e Diario Oficial de Galicia o ano en curso.

b) Diarios: Conservaránse os de ámbito rexional e local, o ano en curso.

c) Revistas culturais, científicas, etc: Intentarán conservarse o maior tempo posible ata que as súas condicións físicas o permitan ou a información que conteñen quede desfasada”.

Caldas de Reis, 25 de maio de 2010.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey. **2010006050**

\* \* \*

## DOZÓN

### E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía dona María Dolores Riveiro Jorge, licenza municipal para explotación avícola para engorde de polos, a situar en Barrio-Sixto, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia e no DOGA— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 25 de maio de 2010.—O Alcalde, ilexible. **2010006044**

\* \* \*

## LALÍN

### A N U N C I O

Esgotado o prazo de exposición ó público do expediente de Modificación de créditos nº 3-P/2010, de Suplemento de Crédito dentro do vixente presupuesto municipal, aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 29 de abril do presente ano sen que se presentara reclamación algunha contra deste, considérase definitivamente aprobado, segundo o disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Regulado-